

## ACTA N° 08/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2010**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 22 de febreiro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 06/10, do 8 de febreiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que na resolución núm. 87/10 a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para ordenar a realización de horas extraordinarias a dous traballadores con motivo dos enterros da Xoubiña e da Sardiña.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE**

**EXPTE. 188/2009 – D.<sup>a</sup> MARINA ESCARLATA ÁLVAREZ COSTA** presenta proxecto de acondicionamento de local para restaurante a situar na Baixada do Cocho, nº 214, do barrio de Guía-Meira, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 14.09.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 22 de febreiro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADES PARA RESTAURANTE.

**INFORME:** **Procede licenza de obras e actividade** destinada a restaurante de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arrego ao proxecto presentado, a edificación dun inmobile se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN.SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade.

No expediente consta informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para un aforro de 90 persoas.

No expediente consta informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas e certificación acústica de empresa homologada; os servizos municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da mesma.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.068,16 €
Taxas licenza urbanística.....	95,37 €
Cartel de obra .....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

**PRIMEIRO:** Outorgar licenza de actividade que solicita D<sup>a</sup> MARINA ESCARLATA ÁLVAREZ COSTA para a actividade de RESTAURANTE.

**SEGUNDO:** Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA RESTAURANTE. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbese a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de

conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar a interesada, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará acta de comprobación.

#### **4.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE**

**EXPTE. 09/10 – D.<sup>a</sup> ROSA SAMPEDRO CHAPELA** presenta proxecto de acondicionamento de local para restaurante no barrio de Couso, nº 45, Meira, de conformidade co proxecto redactado por AR.UR.MO, visado na data 28.12.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 22 de febreiro de 2010 que literalmente di:

**ASUNTO:** ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADO A UNHA LICENZA DE ACTIVIDADE CON DESTINO A RESTAURANTE.

**INFORME:**

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licencia urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concorrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/ construcións.....	761,47 €
Taxa licenza urbanística .....	67,99 €
Cartel de obra .....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 09/10 en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.**

## **5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA**

### **EXPEDIENTE 13/10 – D.<sup>a</sup> MÓNICA SANTOMÉ FERVENZA**

Vista a instancia presentada o día 10 de febreiro de 2010 por Dona MÓNICA SANTOMÉ FERVENZA, na que expón que é a nova titular do cafe-bar ORLY, situado na rúa Daniel Castelao, 23 e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 18 de febreiro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 18.02.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. MÓNICA SANTOMÉ FERVENZA, na data do 10.02.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a D. JESÚS COSTA IGLESIAS, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a D. Jesús Costa Iglesias, pola **Xunta de Goberno Local de data do 20 de novembro de 1978.**

### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Daniel Castelao, nº 23 baixo, pertencente a **D. JESÚS COSTA IGLESIAS**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data 20.11.1978**, a favor de **D.<sup>a</sup> MÓNICA SANTOMÉ FERVENZA.**

## **6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

### **6.A) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “CRUCEIRO DO RÍO”**

D. Rosalino Pequeno Antela, en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “CRUCEIRO DO RÍO”, por escrito do 25 de xaneiro de 2010, expón que a asociación solicitou da Deputación unha subvención do Programa de Acción Comunitaria para realizar unha obra denominada *Construción dun muro de pedra na curva da Puntella*. A obra será a colocación dun muro en pedra do país na curva da puntella que está a altura do Bar Julio. Solicita permiso para a súa realización.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a realización da obra de construción dun muro de pedra na curva da puntella, con independencia da posterior tramitación da correspondente licenza municipal.

#### **6.B) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “CRUCEIRO DO RÍO”**

D. Rosalino Pequeno Antela, en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “CRUCEIRO DO RÍO”, por escrito do 25 de xaneiro de 2010, expón que a asociación solicitou da Deputación unha subvención do Programa de Acción Comunitaria para realizar unha obra denominada *Colocación de tubaría na beirarrúa da Freixa*. A obra será a colocación de tubos de formigón na beirarrúa da Freixa para canalizar as augas; trátase dun tramo de 75 m de lonxitude e será necesaria a colocación de tubos e formigón para asentelos. Solicita permiso para a súa realización.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a realización da obra de colocación de tubaría na beirarrúa da Freixa, con independencia da posterior tramitación da correspondente licenza municipal.

#### **6.C) EXPTE. 34/09 – D. MANUEL PEQUEÑO MOREIRA.**

D. Manuel Pequeño Moreira, por escrito do 3 de febreiro de 2010, solicita prórroga do permiso de obra da licenza para a construción dun muro de peche – expte. 34/09.

Visto o informe favorable do aparelador municipal de data 22 de febreiro de 2010, que di:

Ante a petición formulada por **Manuel Pequeño Moreira** dunha licenza (EXP.: 34/09 ) concedida en Xunta de Goberno Local de 16 de marzo de 2009 para un muro de cerramento, a teor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

#### **7.- RENOVACIÓN PÓLIZA POR ACCIDENTES COLECTIVOS DE PROTECCIÓN CIVIL.**

Visto que procede a renovación da póliza subscrita para cubrir os accidentes colectivos de protección civil mediante o pagamento da prima de 306,29 euros, contía reflectida na nota de cargo presentada por Aon Gil y Carvajal, SA, o día 16 de febreiro de 2010,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 prorrogado a 2010,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 306,29 euros a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS, S.U., pola prima do seguro de accidentes colectivos Protección Civil de Caser Seguros (periodo 220210 a 220211).

#### **8.- CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA *REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA*.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 5 da obra *REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA*, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. de data 29 de xaneiro de 2010, asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel.

Visto o informe do interventor municipal de data 22 de febreiro de 2010, no que emite informe de reparo ao recoñecemento da obriga da certificación nº 5 e da factura 06/10 correspondente a ela pola falta de parte da documentación esixida nos pregos; indica, tamén, que dita documentación debe incorporarse ao expediente antes de que se produza o pagamento material, senón debe entenderse emitido tamén reparo a este.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 22 de febreiro de 2010, por entender que as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación ordinaria nº 5 da obra *Reforma do paseo marítimo da Praia*, de data 29 de xaneiro de 2010, polo importe de 60.265,35 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 06/10, do 29 de xaneiro de 2010, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.. polo importe de 60.265,35 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1510.60118.

#### **9.- RECTIFICACIÓN ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2010 acordouse a devolución dunha fianza depositada para responder polos posibles danos derivados da instalación dunha terraza en dominio público durante o período estival solicitada por D<sup>a</sup> María Carmen Pazos Pazos (La orensana).

O informe favorable á súa devolución da tesoureira facía constar que a fianza fora depositada por D.<sup>a</sup> Ana María Rodríguez Pazos.

Advertido erro no nome da persoa quen fixo o depósito que é a quen cómpre devolverlle a fianza, sendo D.<sup>a</sup> Ana María Rodríguez Pazos no canto de D.<sup>a</sup> María Carmen Pazos Pazos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda rectificar o acordo tomado por ela o día 25.01.10, no sentido de devolverlle a fianza pola instalación da terraza na Orensana a D.<sup>a</sup> Ana María Rodríguez Pazos.

#### **10.- POSTOS MERCADILLO VENDA AMBULANTE**

Vistas as solicitudes de data de entrada 29 de decembro de 2009 para poder exercer a venda ambulante e que, tras as oportunas subsanacións no mes de febreiro deste ano, achegan a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante,

Vista a ordenanza municipal de venda ambulante –BOP do 18.12.03- e o contido do informe da asistencia xurídica de data 26 de xuño de 2009 no que indica que poder obter licenza municipal para ocupar un posto de venda ambulante aquela persoa física ou xurídica que reúna as condicións legais esixidas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as solicitudes das cooperativas que se indican na seguinte táboa, con indicación de cadansúas persoas traballadoras:

<b>COOPERATIVA</b>	<b>ESPAZO</b>	<b>TRABALLADORES/AS da cooperativa</b>
POALLA S.C.G. O Porriño	75 m l	Pilar Rosillo Rosillo Angélica Jiménez Borjas Miguel Ángel Jiménez Hernández María Victoria Duval Hernández José Jiménez Hernández Mario Jiménez Jiménez Juan Paulo Giménez Jiménez Sinai Giménez Jiménez Debora Jiménez Giménez
VEAMGI, S.C.G. Vigo	75 m l	Enrique Duval Salazar Justo Dual Jiménez Ángel Jiménez Salazar Fernando Jiménez Duval Eusebio Duval Gómez Antonio Jiménez Pisa Olegario Jiménez Salazar María del Mar Cmacho Gabarri José Ramón Fernández Salazar Rubén Fernández Ferreruela Saul Giménez Jiménez
CUATRO GATOS, S.C.G.	75 m l	Enrique Dubal Salazar

O Porriño		Antonio Salazar Salazar Casandra Jiménez duval Mohamed El Arfaoui Abusfaris Oscar Javier Escudero Jiménez Ramón Salazar Salazar Juan Jiménez Jiménez Pascual Jiménez Pérez Ramón Jiménez Salazar Emilio Borja Salazar
OS SETE ENANITOS, S.C.G. O Porriño	75 m l	José Ramón Ferreduela Hernández Angel Escudero Jiménez Enrique Borja Salazar Enrique Duval Jiménez Ramón Salazar Jiménez Joanne Duval Salazar Antonio Escudero Jimenez Jesús Rafael Giménez Cerraduela Ángel Jiménez Motos Ramón Jiménez Mendoza Nicolás Escudero Jiménez
BESBELLO, S.C.G. O Porriño	75 m l	Ana Gabarres Diaz Emilio Jiménez Jiménez Felipe Vicente Jiménez Romero Samuel Jiménez Giménez Francisco Javier Montoya Rosillo Soraya Martínez Ferreduela Esmeralda Jimenez Ferreduela José Ángel Jiménez Jiménez Jonatan Jiménez Motos
LANDGRAVE, S.C.G. Vigo	75 m l	María Amelia Camacho Monteiro Maia María Eugenia Santiago Calvete Diego Escudero Jiménez Eloy López Rey Josué Fernández Ferrerueta Jessica Jiménez Duval Emilio Escudero Dual

### 11.- BAIXAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social do 22 de febreiro de 2010 sobre modificación no SAF,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no Servizo de Axuda no Fogar, polos motivos recollidos no informe da traballadora social, ás seguintes persoas:

- Josefa Camaño Chapela: dende o día 15 de febreiro.
- Cándido Couso Paredes: dende o día 18 de febreiro.

### 12.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 22 de febreiro de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Lucinda Currás Chapela. Verducedo, Piñeiro 121.
- D. Manuel Gallego Pena. Arenal 20 – 4º G.
- D.<sup>a</sup> Isabel Costas Iglesias. Reibón, 115., 10.
- D Manuel Bermúdez Gil.. Reibón, 25. A Seca. Meira
- D.<sup>a</sup> Carmen Ferverza Nogueira. Rúa da Praia, 21. Ribeira.
- D<sup>a</sup> Carmen Seijas Iglesias. Moureira, 183
- D<sup>a</sup>. Argentina Costa Iglesias. Reibón, 87.
- D. José Martínez García. Daniel Castelao, 54, 1º.
- D. Benjamín Francisco Juncal. R/ do Pico, 20. Meira.
- D.<sup>a</sup> Milagros Ferverza Currás. r/ Méndez Núñez, 24 – 3º A
- D.<sup>a</sup> Carmen Sequeiros Santomé. Marrúa, 20.
- D. Óscar Manuel Pastoriza Rodríguez. Quintela, 190.

**Segundo:** Notificarlle o acordo a Aqualia.

### **13.- BAIXA DE USUARIA DE LUDOTECA**

Visto o informe–proposta da coordinadora da ludoteca do 16 de febreiro de 2010, no que propón dar de baixa á socia nº 45, Mahmuda Mehdi Leshen por cumprir trece anos e superar a idade á que vai destinado este servizo municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa da ludoteca á socia nº 45, Mahmuda Mehdi Leshen, polos motivos recollidos no informe da coordinadora da Ludoteca.

### **14.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA SANEAMENTO DE COSTA GRANDE (BERDUCEDO)**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *SANEAMENTO DE COSTA GRANDE (BERDUCEDO)* remitido pola empresa COVSA – CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. para o seu estudo e aprobación, redactado polo técnico de prevención D. José Fontenla Martínez,

Visto o informe favorable para a aprobación do devandito Plan de Seguridade e Saúde realizado polo coordinador en materia de seguridade e saúde, D. Ángel Manuel Roncero Díez, durante a execución da obra, de data 15 de febreiro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *SANEAMENTO DE COSTA GRANDE (BERDUCEDO)*.

## **15.- INICIO DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS**

En data de 30 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)” á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A., por importe de OITENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS (76.746,89 + 12.279,50 EUROS de IVE ) un prazo de execución de tres meses, e un prazo de garantía de 12 meses.

Figura no expediente Proxecto de modificado nº 1 redactado polo Redactor do proxecto e Director de Obra o 8 febreiro de 2010. No Orzamento do modificado non se recolle alteración do prezo total do contrato inicialmente previsto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, e de conformidade co artigo 217.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, acorda iniciar expediente de modificación da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)” e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificado da obra.

## **16.- SUBSTITUCIÓN PERSOAL POLICÍA LOCAL**

Vistos os informes do xefe da Policía das seguintes datas, cuxo contido resúmese de seguido:

- Informe do 15.10.09: o oficial Jesús García Rodas recibe alta médica o 07.10.09 e disfrutará as vacacións ata o 21.11.09, sendo substituído por D. Manuel García Fernández.
- Informe do 22.10.09: Durante as vacacións do inspector xefe (01.08.09 e 27.08.09) o policía Eugenio Gestido Malvido realizou as funcións de xefatura, sendo substituído como oficial polo policía D. Luis Varela Brañas, substitucións que xa se recollían no informe do 25.06.09 aprobado na Xunta de Goberno Local do 29.06.09.
- Informe do 04.11.09: Dende o 1 de xaneiro de 2005, o policía D. Eugenio Gestido Malvido realiza as funcións de oficial, ocupando a praza vacante deixada polo actual inspector xefe cando pasou a desempeñar a xefatura. Ata a data do informe, este policía viña cobrando a diferenza entre o salario de policía e o de oficial no epígrafe da nómina sinalado como substitucións. Indica que, segundo o interventor, coa nova regularización das nóminas este epígrafe desaparece, polo que non pode remunerar ao policía coa diferenza entre o seu salario e o de oficial, **a non ser que se adopte un novo acordo, no cal se lle adscriba temporalmente ao policía Eugenio Gestido Malvido á praza de oficial**, en tanto esta non se cubra en propiedade, para que este poida seguir percibindo a diferenza entre o seu salario e o oficial.

- Informe do 04.11.09: Dende o mes de marzo de 2004, o policía D. Javier Cruz Pena realiza as funcións de oficial da policía local por mor dun problema de saúde do oficial D. Jorge Juan Casal, que lle impedía a realización de certas tarefas; o policía viña cobrando a diferenza entre o salario de policía e de oficial nun epígrafe da nómina sinalado como gratificación, que era aprobada todos os anos, pola diferenza. Indica que o interventor manifesta que coa nova regularización das nóminas este epígrafe desaparece, polo que non se lle pode remunerar ao policía coa diferenza entre o seu salario e o de oficial a non ser que se tome o acordo legal pertinente que dea cobertura á súa situación.
- Informe do 16.11.09: O 16.11.09 o oficial Xurxo Casal Blanco foi dado de alta de alta, reincorpórase ao seu posto de traballo e disfrutará as súas vacacións do 17.11.09 ao 31.12.09, motivo polo que finaliza a súa substitución por baixa que está a realizar D. Francisco Javier Blanco Portela, que pasará a substituílo por disfrute de período vacacional.

Visto o informe do xefe da Policía local do 5 de xaneiro de 2010, que recolle o xa informado nos seus informes do 4 de novembro de 2009,

Visto o informe do departamento de persoal de data 5 de xaneiro de 2010, emitido en relación as cantidades pendentes de cobro por parte de persoal da Policía local, que di:

**ASUNTO: SUSTITUCIÓN PERSOAL POLICIA LOCAL**

Comprobado polo departamento de persoal e a intervención municipal, resulta que o persoal abaixo relacionados, está pendentes de cobrar as seguintes substitucións:

MANUEL GARCIA FERNANDEZ, polo oficial Jesús Garcia Rodas do 1 ao 21 de novembro.

Resolución Alcaldía 592 de 20/10/09

Importe: **226,32 euros**

FCO. J. BLANCO PORTELA, polo oficial Xurxo X. Casal Blanco do 1 ao 16 de novembro

por baixa enfermidade R.Alcaldia 66 de 06/02/09

FCO. J. BLANCO PORTELA, polo oficial Xurxo X. Casal Blanco do 17/11/09 á 31/12/09

por vacacións Xta.Gobierno 23/11/09

Importe das dúas substitucións: **323,32 + 323,32 euros**

JAVIER CRUZ PENA non cobrou Complemento Productividade Novembro e Decembro/09

Resolución Alcaldía 33 de 23/01/09

Importe : **299,69 + 299,69 euros**

EUGENIO GESTIDO MALVIDO non cobrou por Oficial Interino Novembro e decembro/09

Xunta Gobierno 31/01/05

Importe: **323,32 + 323,32 euros**

EUGENIO GESTIDO MALVIDO por substitución do Xefe do 01/08/09 á 27/08/09

Importe: **573,76 euros**

LUIS VARELA BRAÑAS.- por substitución do oficial Eugenio Gestido do 01/08/09 á 27/08/09

Xunta de Goberno 26/10/09  
Importe: **297,83 euros**

Visto o informe do secretario municipal no que conclúe que o acordo marco establece un procedemento de cobertura temporal de prazas de xefe de corpo ou de mandos intermedios para o caso de que non puidesen desempeñar as funcións os titulares, e que para iso o Concello debe proceder ao nomeamento accidental que habilite á percepción das retribucións correspondentes

Visto o informe do interventor municipal do 22 de febreiro de 2010 que corrixe o cálculo elaborado polo departamento de persoal na cantidade correspondente de **D. Luis Varela Brañas, sendo 290,99 euros no canto de 297,83 euros, e o cálculo da cantidade de D. Eugenio Gestido Malvido (substitución do xefe en agosto de 2009) xa que son 504,60 euros en vez de 573,76 euros.** Ademais, conclúe, entre outros extremos, que con carácter previo ao recoñecemento da obriga deberá tramitarse unha modificación de crédito pola que se dote o crédito adicional que será preciso para comprometer todo o gasto que se devengará de forma ordinaria no ano 2010 e as substitucións pendentes de liquidación do ano 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Adscribir temporalmente ao Policía D.Eugenio Gestido Malvido á praza de oficial en tanto non se ocupe a vacante.

Segundo: Aprobar a liquidación ao persoal que desempeñe labores de oficial no ano 2009 segundo o informe do Departamento de Persoal de 5 de xaneiro de 2010, corrixindo dito informe segundo os cálculos da intervención no referido a D. Luis Varela Brañas e D. Eugenio Gestido Malvido.

Terceiro: Iniciar expediente de modificación de crédito para habilitar as partidas necesarias.

## **17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

A vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte conexión:.

	<b>Servizo</b>	<b>Lugar</b>	<b>Taxas aboadas</b>	<b>Informe favorable</b>
MANUEL RODRÍGUEZ SANTOS	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 38 Meira	Dº saneamento..... 180	Aqualia Técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.